

Xinzo de Limia, 17 de maio de 2017.

Presidente da Xunta de Galicia.

Alcalde de Xinzo de Limia.

Presidente do Parlamento de Galicia.

Presidente da Real Academia Galega.

Presidente da Fundación Carlos Casares.

Autoridades e representacións.

Amigas e amigos de Xinzo de Limia, das terras da Limia, de Ourense e de Galicia.

O meu saúdo máis afectuoso para a xente de Xinzo e da Limia enteira, para os que vides da cidade de Ourense e doutros recantos da Ourenanía, para todos os galegos e galegas bos e xenerosos que ata aquí vos achegastes, para as mulleres e homes que nos honrades coa vosa presenza; sexades de onde sexades.

Graciñas mil por partillar, amigos e amigas, a meirande celebración da Lingua e da Literatura de noso, a Grande Festa da Fala e das Letras deste país, desta nación cultural á que chamamos Galicia, beizón a todas e a todos, aos de preto e aos de lonxe. Benvidas e benvidos!

O ourensán Carlos Casares -a quen homenaxeamos nesta data sinalada e ao longo do ano-, orgulloso de que o considerasen limiao, escribiu, en 1990, un fermoso texto, *Ourense de auga e pedra*, que remata con estas palabras: “Feito, en boa parte, de misterios, o Ourense que evocamos pode que sexan dous; un de pedra, forte e orgulloso, recollido ás veces sobre si mesmo, escuro e fantasmal nas frías mañás de inverno, tan cuberto de brétema que semella desaparecer... e o outro, luminoso e plétórico, irónico e locuaz, fuxindo sempre do impreciso dominio das sombras, reflexándose na luz intensa que espellan as augas milenarias do pai dos nosos ríos, o Miño”.

En realidade, trátase dun só Ourense, cidade e provincia, territorio e xeito propio das súas xentes, ben noso, concibido en moitísimas conversas, séculos e séculos de narracións alicerzadas sobre unha sólida enxurrada de historias entretecidas, faladoiros nos que nunca faltou o humor, relato eterno sen principio nin final... Así é Ourense e así somos os ourensáns, un todo, un feito literario soñado por poetas, engrandecido no tempo polos seus escritores. Auria, tal vez Oria, Ourantes, quizais Ourense... Quen o sabe?

Esta é, e non outra, a peculiaridade que nos corresponde reivindicar e defender dende Ourense, a mellor maneira de ser galegos. Unha raíz que permanece viva -forza nutricia, diríamos- que enche de zume as toradas e as pólas da árbore da nosa identidade: terra,

lingua e cultura, tradición e modernidade, historia bimilenaria; pasado, presente e futuro.

Sabíao ben Carlos Casares, escritor sobre todo, mais tamén partícipe activo nas transformacións económicas e sociais a través do exercicio da política, como cidadán responsable e comprometido que era; non por casualidade, obtivo a súa acta de deputado por Ourense, e, a maiores das consabidas achegas á Lei de Normalización Lingüística e á norma que regula o Consello da Cultura, defendeu, como galeguista independente na lista do PSdeG, durante a primeira lexislatura autonómica (1981-1985), importantes iniciativas en beneficio da súa provincia de Ourense e de Galicia.

O mundo creativo casariano nace e medra vizoso aquí na Limia, en Xinzo, Lamas e Sabucedo, tamén no Castro de Beiro e noutras localidades ourensás. A partir de aí foi elaborando boa parte da súa obra narrativa e xornalística, sen prescindir da raíz.

Recreando a fantasía popular, bebendo na oralidade, escoitando e contando historias, elevando a categoría literaria o aparentemente local e cotián, universalizando con sinxeleza no estilo, o modo de narrar máis delicado e trabaloso. Atento, por suposto, ao acontecer no vertixinoso ir e vir das letras, non só no hispánico e lusófono, lendo e informándose en italiano, en sueco, en francés, en inglés... Abrindo camiños cara á promoción exterior da literatura galega, sen renunciar, endexamais, á fidelidade co noso idioma.

Damián Álvarez Villalaín, actual profesor da Escola Superior de Arte Dramática de Vigo, con fondos vencellos familiares en Celanova e Cortegada, foi subdirector de Galaxia dende 1991 ata 2002, data na que cesou tras o falecemento de Casares, quen o nomeara e con quen traballou arreo durante máis dunha década.

Aquí está o perfil que nos ofrece do autor de *Vento ferido*: “Era un home extraordinariamente intelixente, xeneroso e amigo dos amigos, culto, divertido e bo conversador. Posuía, ademais, unha capacidade pouco común para analizar todo tipo de situacións a través da psicoloxía dos protagonistas das mesmas”.

Aínda máis, Villalaín completa o seu retrato de Casares cunha apreciación moi a ter en conta polos que, dunha ou doutra maneira, participamos da vida pública: “Carlos tiña modelo ético de seu, non pretendía para nada erixirse en redentor nin en xuíz, máis ben o contrario, abondáballe con comprender ás persoas. Detestaba a arrogancia dos profesionais presuntuosos, por iso sentíase moi de Ourense, onde se tolera case todo -dicía- menos a pedantería dos solemnes, personaxes dos que se fai escarnio, pero con gracia e elegancia.”

Como xa se ten exposto aquí non vou incidir na obra de Casares, mais salientar, se mo permiten, a súa posición cívica, o seu interese por mellorar o funcionamento das institucións, o impulso dunha autonomía á que el, e outros galeguistas, contribuíron a poñer en marcha, mentres outros -todo hai que dicilo- apostaban por maximalismos, que como se comprobou, era absolutamente impopulares.

Dende a dirección de Galaxia, dende o Parlamento de Galicia, dende a Academia Galega ou dende o Consello da Cultura Galega, Carlos Casares, sen claudicar nas súas firmes conviccións ideolóxicas, soubo antepor o galeguismo e a sensatez.

Contados son os persoeiros da cultura que, coma el, Ramón Piñeiro, Benxamín Casal e Alfredo Conde, deciden participar, a pesar de sufrir duras críticas, nun proceso político.

Máis doado resulta non dar a cara, oprimindo por atrás escudándose na independencia intelectual. Neste momento en que todo se cuestiona sen abordar os problemas a fondo, mesmo renegando da exemplar transición que trouxo a democracia, cando se falsea por norma, moitos somos os que, dende opcións políticas distintas, botamos en falta interlocutores tan lúcidos e necesarios como Carlos Casares.

Remato felicitando aos académicos e académicas que referendaron co seu voto a candidatura de Casares como figura central das Letras Galegas deste 2017.

Anuncio, neste solemne acto en Xinzo-hoxe capital, corazón e cabeza das nosas Letras- que mañá asinarei a providencia que será aprobada no pleno da Deputación Provincial de Ourense do vindeiro venres pola que iniciaremos o expediente para outorgar a Carlos Casares, ao noso Casares, a Medalla de Ouro da Provincia de Ourense. Ouro de Ourense. Casares de Ourense. Casares de Ouro. Un excelente embaixador da Ourensanía.

Nesta mesma praza, por iniciativa do Concello de Xinzo de Limia e da Deputación de Ourense, celebramos, o dezaseis de maio de 2016, un acto na súa memoria ao que asistiron seu irmán, Xavier Casares Mouriño, e seu fillo, Hókan Casares Berg.

Dende 2004, ano en que foi homenaxeado o etnógrafo Xaquín Lorenzo, o entrañable “Xocas”, ilustre continuador da magna obra da Xeración Nós non podemos contar con ningún ourensán nunha honrosa nómina que inclúe a Curros Enríquez, Cuevillas, Lamas Carvajal, Risco, Losada Diéguez, Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Blanco Amor, Eladio Rodríguez González (presidente da Real Academia Galega), o xa citado “Xocas”, e, agora, Carlos Casares.

Ourense, a Ourensanía espallada polo ancho mundo, está moi orgullosa do labor creativo e investigador dos seus mellores fillos e fillas, elas e eles non só reúnen méritos dabondo -igual que os devanceiros, o mesmo que Carlos Casares- senón que marcan pautas e acadan éxitos en innumerables foros e palestras internacionais.

Fan país.

Fan Galicia.

Parafraſeando o que manifestaban en *La Centuria -revista neosófica, Orense, España*, en xuño de 1917, axiña centenaria- Vicente Risco, Primitivo Rodríguez Sanjurjo e Arturo Noguerol, seguimos estando moito máis preto de Nova York que de Madrid, ou o que é o mesmo, estamos, coma daquela, con Mallarmé, Rimbaud, Meredith, Tagore, Chesterton, Gustave Kahn e coa vangarda máis actual.

Amigas e amigos de Carlos Casares e das Letras Galegas:

Graciñas, viva Xinzo!

Viva a Limia!

Viva Ourense!

Viva Galicia!